

## **CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

### **INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

**ASUNTO: CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO, DIRECCIÓN DA OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA ANTIGA CÁRCEL DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO (Proxecto 09UR2201 URBAN Centro Social e Cultural Antigo Cárcere). APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO, ASÍ COMO O GASTO E O PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

#### **ANTECEDENTES**

I. Bases que rexerán o concurso de proxectos para a redacción do proxecto, dirección da obra e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de rehabilitación do antigo cárcere do Partido Xudicial de Lugo (Proxecto 09UR2201 URBAN Centro Social e Cultural Antiga Cárcel redactadas polo arquitecto municipal don Anxel Riva Cabanas e a directora do Proxecto URBAN dona Blanca Cañal García, con data 20 de abril de 2009.

II. Proposta da Concellería delegada da Área de Economía e Emprego do Concello en relación á convocatoria do concurso de referencia.

III. Informe do Interventor xeral do Concello no que se fai constar, entre outros aspectos, a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 3220.62709 do vixente Orzamento Xeral para o importe de 262.000 euros.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.** O procedemento de referencia pode ser cualificado como un concurso de proxectos con limitación do número de participantes, que segundo se desprende do artigo 168 da LCSP, son aqueles procedementos encamiñados á obtención de planos ou proxectos, principalmente nos campos da arquitectura, o urbanismo, a enxeñería ou o procesamento de datos, a través dunha selección que, tras a correspondente licitación, se encomenda a un xurado.

As bases elaboradas para rexer o procedemento e a licitación recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén , con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto na LCSP e RXLCAP.

Os criterios de selección do gañador, recollidos na cláusula 10.6 das bases respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

**Segunda.** A finalidade do concurso de proxectos -tal e como se fai constar nas bases- é a determinación dun gañador ó que se invitará a participar nun procedemento negociado que se tramitará para a adxudicación dun contrato de servizos, tal e como dispón o artigo 158 d) da LCSP.

**Terceira.** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndellen as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar o CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO, DIRECCIÓN DA OBRA E COORDINACIÓN EN

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA ANTIGA CÁRCEL DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO (Proxecto 09UR2201 URBAN Centro Social e Cultural Antiga Cárcel).

**Segundo.-** Aprobar as bases que rexerán no concurso de referencia, do seguinte teor literal:

**BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO, PROXECTO ARQUEOLÓXICO, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E SEGUIMIENTO ARQUEOLÓXICO DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO CÁRCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO.  
(Proxecto 09UR2201 URBAN Centro Social e Cultural Antigo Cárcere).**

---

### **Introdución**

O Concello de Lugo está a xestionar un Proxecto URBAN (Iniciativa URBANA) que conta cun 70% de cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea. No eixe destinado a Infraestruturas sociais, atópase a rehabilitación do antigo cárcere para usos cívicos, culturais e sociais.

### **1. OBXECTO DO CONCURSO.-**

As presentes Bases teñen por obxecto establecer o procedemento e as condicións técnicas do concurso de ideas, **a nivel de anteprojecto**, que promove o Excelentísimo Concello de Lugo para seleccionar a proposta de rehabilitación do antigo cárcere do Partido Xudicial de Lugo que posibilite de forma máis idonea a implantación dun programa de usos axeitado á fin socio-cultural que se lle pretende dar.

Coa rehabilitación e aproveitamento deste edificio, preténdese incrementar a rede de equipamentos de edificios municipais para dar unha mellor resposta ás demandas da poboación, xerando novos espazos de encontro, ocio e relación, máis próximos ao cidadán, nunha zona neurálxica da cidade, as inmediacións da muralla de Lugo e do seu centro histórico.

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

Este edificio foi construído segundo plano do arquitecto Nemesio Cobreros de 1878 e é un dos poucos exemplos que perviven en España de arquitectura penitenciaria, de grande interese tipolóxico. Albergou o segundo cárcere celular que houbo en España e cárcere modelo do partido xudicial.

O edificio consta de tres plantas, está fabricado en granito e revogado en branco exceptuando reforzos de vans e esquinales, a cuberta está realizada en lousa. A estrutura horizontal está maioritariamente (principalmente no corpo principal do cárcere) executada en madeira. O conxunto está rodeado por un muro de laxes de lousa que presenta unhas torres de reforzo en esquinas e puntos singulares. Estas torres son de dúas alturas e ao igual que o resto do edificio están enlucidas e presentan perpiaños en ameas, liña de imposta e entorno aos ocos marcadamente de carácter vertical resgados no muro.

A edificación está rexida pola Ordenanza de Zona 10, Edificación de dotacións comunitarias. Ver anexos de documentación complementaria.

Nos traballos presentados valorarase para os efectos do concurso de adxudicación a proposta de ordenación de usos do conxunto así como a proposta de intervención na edificación tendo en conta que as obras sobre as cales se enmarca o concurso de ideas son as de consolidación, conservación, restauración, reforma e rehabilitación.

### **CRITERIOS DA INTERVENCIÓN:**

Permítense obras destinadas a consolidar as características intrínsecas do edificio, empregando para iso materiais existentes do xeito que aparece disposta inicialmente no edificio, evitándose expresamente o uso de ladrillo visto nos paramentos.

Poderán formularse no concurso de ideas as obras necesarias para a adecuación da edificación para o seu uso, como modernización e actualización de instalacións ou a reforma de elementos estruturais en mal estado (especialmente os elementos de cuberta). Non obstante, estas modificacións non deberán afectar aos elementos estruturais nin ao a imaxe xeral do edificio, tendose en conta sempre a súa relación co conxunto de edificacións lindantes.

Non se permitirán obras de apertura de ocos en fachadas que modifiquen substancialmente a mesma, pero se serán posibles a

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref<sup>o</sup>: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

realización de cambios na distribución interior que non afecten a elementos resistentes.

O estado de conservación actual do edificio é regular, existindo dependencias que foron restauradas en época recente e outras que requiren unha actuación inmediata, estando unha parte destinado a dependencias da Policía Local e o corpo central do cárcere de homes destinado a almacéns diversos e usos administrativos do Concello de Lugo. No corpo posterior do cárcere atópase na actualidade o taller de arqueoloxía do Concello de Lugo e outras dependencias municipais.

A proposta de actuación prevista afecta á totalidade do edificio e consiste na recuperación dos espazos máis significativos a nivel histórico e monumental, cunha redistribución dos diferentes espazos aos usos previstos, así como a dotación de novas instalacións en cumprimento das diversas normativas vixentes e de aplicación.

Unha parte da edificación, concretamente a actual sede da Policía Local segundo o vixente Plan de ordenación Municipal atopa en situación de fóra de ordenación por prever esta unha zona verde, é por iso que, co fin de realizar unha previsión de futuro sobre as actuacións que se poden realizar sobre o conxunto das edificacións, se incluírá esta edificación, a cal debe ser obxecto de análise e incorporación ao concurso como peza a rehabilitar, sen que iso implique a execución da actuación. Por isto, tanto o proxecto como o presuposto deberán vir especificados para poder realizar as obras en dúas fases. O presuposto global das dúas fases non pode superar o presuposto total indicado nestas Bases.

### **2. TIPO DE CONCURSO.-**

Concurso de proxectos en grao de anteprojecto, con limitación de participantes, a través dunha selección que, tras a correspondente licitación, se encomenda a un Xurado. A finalidade deste concurso de proxectos é determinar un gañador que se proporá como adxudicatario dun contrato de servizos polo procedemento negociado sen publicidade conforme ao recollido no artigo 158 d) da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público para a realización dos estudos previos, a redacción do proxecto básico e de execución en misión completa, o proxecto arqueolóxico, a dirección facultativa, a dirección de execución, a coordinación de seguridade e saúde e o seguimento arqueolóxico das obras calquera que fose o seu alcance.

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

### **3. CONCURSANTES.-**

Formarán parte os técnicos necesarios para a realización dos estudos previos, a redacción dos proxectos, a dirección de obra de arquitecta/o, arquitecta/o técnica/o e a coordinación de seguridade e saúde e o seguimento arqueolóxico durante a execución das obras. O equipo de profesionais estará coordinado por un/unha arquitecto/a, podendo presentarse como un grupo de persoas físicas e/ou como membros dunha ou máis persoas xurídicas. Os estudos previos, os proxectos específicos, o proxecto e o seguimento arqueolóxico das obras poden contratalos a terceiros.

### **4. XURADO.-**

O Xurado, a teor do sinalado no artigo 172 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público estará composto por:

- O Alcalde de Lugo ou persoa en quen delegue, que o presidirá
- Un/unha representante do grupo municipal do Partido Popular
- Un/unha representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego
- O Presidente da Deputación ou persoa en quen delegue
- A Concelleira de Cultura do Concello de Lugo ou persoa en quen delegue.
- O Interventor municipal ou persoa en quen delegue
- A xefa da asesoría xurídica ou persoa en quen delegue
- Un/unha representante de Caixa Nova
- Un/unha representante de Caixa Galicia
- Un/a arquitecto/a adscrita/o á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
- Un/unha arquitecto/a nomeado/a polo Colexio de Arquitectos de Lugo
- Un/unha arquitecto/a nomeado/a pola Universidade da Coruña
- Dous arquitectas/os municipais
- A Directora do Proxecto URBAN (Iniciativa URBANA)

Actuará como secretario con voz pero sen voto un funcionario do servizo de contratación. O Xurado quedará validamente constituído coa presenza de nove dos seus membros sempre que se cumpra que polo menos un terzo sexan arquitectos. No caso de disparidade de criterios, a resolución do xurado será consecuencia da correspondente votación, decidida pola maioría simple dos votos emitidos, tendo a Presidencia voto de calidade para os supostos de empate.

## CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref<sup>o</sup>: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

Os concursantes, polo feito de participar no concurso, aceptan estas Bases, así como os acordos e a resolución do xurado. O Xurado, no ámbito das funcións que se lle encomendan, interpretará os contidos das presentes Bases, sen diminuír os dereitos dos concursantes.

### 5. FASES DO CONCURSO.-

O concurso regulado por estas Bases consta das seguintes fases:

**a) Primeira fase.** - De libre concorrencia, encamiñado á selección por parte dun Xurado dun máximo de cinco participantes para ser convidados a participar na segunda fase do concurso en función dos criterios obxectivos, claros e non discriminatorios definidos no apartado 9.4. destas Bases. Dada a finalidade do concurso, antes de ser convidados a participar na segunda fase, **o Xurado comprobará que os candidatos cumpren os requisitos de capacidade e solvencia sinalados nestas Bases.**

**b) Segunda fase.** - Terá por obxecto que o Xurado elixa ulteriormente, de conformidade cos criterios sinalados no apartado 10.6., a idea máis adecuada en fase de anteprojecto para definir a rehabilitación do cárcere de Lugo e as obras de urbanización que se consideren necesarias, segundo as definicións contidas nestas Bases e declarar un gañador.

### 6. CARACTERÍSTICAS DO ANTEPROXECTO E PROGRAMA DE NECESIDADES.-

O anteprojecto deberá cumprir as indicacións estipuladas sendo unicamente autorizables as obras de **consolidación, conservación, reforma e restauración**, obras polo tanto de rehabilitación de acondicionamento e reestruturación das pezas en mal estado coa **utilización de materiais orixinais propios dunha construción tradicional (pedra e madeira) procurándose en todo caso o mantemento mediante o seu saneado dos materiais existentes.**

A efectos de interpretación destas bases defínense os seguintes conceptos:

Obras de **conservación**: obras a finalidade da cal é a de manter a edificación nas obrigadas e necesarias condicións de hixiene e ornato, sen afectar á súa estrutura nin á súa distribución interior, nin alterar o resto das súas características formais, tales como composición de ocós, materiais, cores, texturas, usos existentes, etc. Exemplos destas obras son as revocaduras de fachadas, a limpeza ou substitución

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref<sup>o</sup>: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

de caneiros e baixantes, o saneamento de conducións e instalacións xerais, a pintura, etc.

Obras de **consolidación**: Entenderase como obra de consolidación aquela que teña por finalidade sanear elementos estruturais da edificación, mediante o seu reforzamento, reparación ou substitución, con posibles alteracións menores da súa estrutura e distribución, utilizando en todo caso materiais orixinais propios dunha construción tradicional.

Obras de **restauración**: Aquelas que teñen por obxecto a restitución dun edificio ou de parte deste ao seu estado orixinal. A situación de estado orixinal debe atoparse suficientemente documentada.

Poderá comprender así mesmo ás obras complementarias que coadruven ao devandito fin. A reposición ou reprodución das condicións orixinais en relación coas necesidades do uso a que fora destinado o edificio, poderá incluír, se procede, a reparación ou substitución puntual de elementos estruturais e instalacións, co fin de asegurar a estabilidade e funcionalidade de todo ou de parte deste, sempre que as devanditas reparacións ou substitucións non alteren as características morfolóxicas do edificio orixinal.

Inclúense dentro deste tipo de obras, entre outras análogas, as de eliminación de elementos estraños engadidos ás fachadas e cubertas dos edificios, a recuperación de cornixas e aleiro suprimidos en intervencións anteriores, a reposición de molduras e ornamentos eliminados nas fachadas, as recuperacións das disposicións e ritmos orixinais dos ocos e das revocaduras de fachada, a eliminación e falsos teitos e doutros engadidos.

Obras de **reforma**: Son aquelas obras que afectan á estrutura formal do edificio en calquera dos seus elementos e pretenden a súa substitución alterando a distribución interior. En todo caso deberá de axustarse aos criterios de intervención específicos para a edificación.

Obras de **rehabilitación**: Aquelas que pretenden mellorar as condicións de habitabilidade ou redistribuír o espazo interior podendo alterar as súas características morfolóxicas e distribución interna.

Comprendidas dentro das obras de rehabilitación diferéncianse:

1. Obras de **acondicionamento**: Son aquelas que melloran as condicións de habitabilidade dun edificio ou de parte deste mediante a introdución de novas instalacións, a modernización das existentes ou a redistribución do seu espazo



## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

interior, sen intervir sobre as características morfolóxicas ou estrutura portante, nin alterar a envolvente do edificio.

2. Obras de **reestruturación**: Son aquelas que afectan ás súas condicións morfolóxicas, incluíndo a posibilidade de demolición ou substitución parcial de elementos estruturais en mal estado coa utilización de materiais orixinais. Poderase afectar a fachada cando xustificadamente, para garantir a seguridade, sexa necesario o seu desmontaxe, sendo necesaria a súa reposición coas mesmas características.

**DEBERÁN EN TODO CASO E CON INDEPENDENCIA DAS DEFINICIÓNS CONTEMPLADAS, CUMPRIRSE OS CRITERIOS DE INTERVENCIÓN SINALADOS NO PUNTO 1 DESTAS BASES.**

Deberá prever o cumprimento de toda a normativa legalmente obrigatoria, así como o cumprimento dos requisitos básicos relativos a funcionalidade de acordo co establecido na súa normativa específica. En aplicación dos principios de igualdade e protección do medioambiente, deberá de prestarse especial atención ao cumprimento da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o seu regulamento, a Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas e a normativa de protección contra incendios, utilización e aforro enerxético, segundo os DBs do Código Técnico da Edificación, co fin de garantir as mellores condicións de uso.

Os usos expostos a continuación non constitúen un programa pechado, trátase de contidos mínimos que deberán de ser tidos en conta pero poderán matizarse polos concursantes xustificadamente (segundo criterios de funcionamento da dotación, de prestación de servizos complementarios, etc), permitíndose que as propostas completen os contidos establecidos como mínimos.

**O Xurado, poderá propoñer cambios na proposta gañadora, co obxecto de optimizar o resultado nos aspectos que considere pertinentes.**

### **PROGRAMA DE NECESIDADES:**

#### **6.1 Zona interior:**

ÁREAS OU SERVIZOS	FUNCIONS
-------------------	----------

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

<p>Espazo Arqueoloxía (situación: módulo traseiro de dúas plantas -zona sur-)</p>	<p>Espazo para a recuperación e difusión do patrimonio arqueolóxico situado no corpo traseiro do edificio. En ningún caso tarefas ordinarias de xestión administrativa do servizo municipal.</p> <p>Preferiblemente na planta baixa:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. depósito de material pétreo;</li> <li>2. depósito de material cerámico;</li> <li>3. sala de lavado e secado;</li> <li>4. zona de vestiarios con duchas;</li> </ol> <p>Planta alta:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. sala de traballo con biblioteca, arquivo planimétrico e fotográfico e un despacho;</li> <li>2. sala de clasificación e inventario de material moble con estantes metálicos e dúas saliñas, unha, para almacén de publicacións, material de embalaxe e oficina, e outra, para depósito de material delicado (moedas bronce, vidros, etc.).</li> <li>3. Aseos adaptados</li> </ol>
<p>Espazo destinado a policía (situación actual)</p>	<p>Sala de control de tráfico na situación que ocupa actualmente e tres despachos.</p>
<p>Área de servizos xerais (situación a definir)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mantemento</li> <li>• Limpeza</li> <li>• Lixos</li> <li>• Seguridade</li> <li>• Almacén</li> <li>• Lavabos adaptados en todas as plantas</li> <li>• Vestiarios</li> <li>• Instalacións</li> </ul>
<p>Área de recepción e atención ao usuario (situación: xunto a entrada principal)</p>	<p>Recepción e espazo de acollida ao público, información de servizos que presta o centro, inscrición en actividades, empréstimo de salas, empréstimo de audioguías sobre o percorrido temático do edificio, etc.</p> <p>Tenda especializada en publicacións culturais do</p>

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

	<p>municipio de Lugo e en merchandising relacionado coa cidade e coas exposicións que haxa en cada momento.</p>
<p>Espazo polivalente para exposicións de grande formato compatible co seu uso como auditorio (situación: patio e contorno deste en todos os niveis do edificio)</p>	<p>Espazo de carácter polivalente que permita un uso como sala de exposicións de gran formato e <b>compatible</b> co desenvolvemento de artes escénicas (música, danza, teatro,...) así como outros espectáculos non convencionais. Preverase un espazo contiguo para camerinos e a entrada de pezas grandes e o seu manexo. Procurarase un tratamento do edificio que garanta o maior aforo posible do auditorio destinando con prioridade os espazos lindantes a este uso aínda facéndoo compatible con outros.</p>
<p>Auditorio / Sala para espazos escénicos - espazo permanente (situación a definir)</p>	<p>Dotada con:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- sala dotada con escenario</li> <li>- material técnico</li> <li>- iluminación</li> <li>- cabina de control</li> </ul> <p>Compartirá camerinos co espazo anterior.</p>
<p>Espazos polivalente: salas de exposicións de pequeno formato (situación a definir)</p>	<p>Promoción e apoio a artistas locais e exposicións menores (prever iluminación de exposicións)</p>
<p>Espazos polivalentes: espazos didácticos (situación a definir. Unha das salas debería ir vinculada á gran área de exposicións)</p>	<p>Espazos que permitan a realización de talleres pedagóxicos destinados a público escolar (durante a semana) e familias (fins de semana, vacacións), con programación de actividades relacionadas con: arqueoloxía, arte e cultura, as exposicións ou performance que estean en vigor, a artesanía, a gastronomía, etc. Considerar a posibilidade de instalar un forno cerámico para os talleres de arqueoloxía.</p>
<p>Biblioteca (situación a definir)</p>	<p>Biblioteca especializada en temas culturais, artísticos e patrimonio da nosa cidade</p>

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

	(arqueoloxía). Comiteca.
Espazos polivalentes: salas de seminarios (situación a definir)	-Espazos para o desenvolvemento de pequenas presentacións, seminarios e xornadas, reunións de traballo, etc. - Espazos para formación. - Espazos que permitan o desenvolvemento de programas de animación cultural para afondar nos contidos das exposicións a través de cursos, encontros, manifestacións artísticas e eventos lúdicos. Diríxense ao conxunto da poboación local.
Cafetaría (situación: poderase utilizar a terraza como parte deste uso)	A cafetaría (con posibilidade de catering) contribuirá a reforzar o poder de atracción deste equipamento.
Sala de cociña (situación a definir)	Espacio soporte para a posta en valor da gastronomía local e sensibilización da poboación local co patrimonio gastronómico.
Espazo memoria (situacións a definir)	A intervención no edificio respectará a identidade da construción e a memoria histórica do cárcere nos seus espazos máis emblemáticos, para iso formularanse os soportes de comunicación máis axeitados para contar o valor histórico e arquitectónico do edificio a través dunha visita audioguiada por este e/ou dedicando un espazo expositivo para este fin (cela que recrea a vida no cárcere, celosía que recrea a participación nunha misa na prisión,...)
Espazo de recursos artísticos (situación a definir)	Oficina de atención a novos artistas que necesitan recursos e información para o desenvolvemento da súa traxectoria artística.
Sala de cinema/ audiovisuais (situación a definir)	Espazo equipado para proxeccións.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

### **6.2 Zona exterior:**

Preverase o acondicionamento exterior dentro do perímetro amurallado da edificación. Pódese contar con esta zona como espazo complementario para algún dos usos descritos. Tamén estará prevista a instalación das estruturas necesarias que fagan visitables os torreóns.

Proporase a definición dos mínimos accesos necesarios para a correcta utilización do edificio e a urbanización da rúa lateral Soto Freire. Así mesmo, na fase de anteprojecto, poderase propoñer a urbanización dos contornos inmediatos (praza da Constitución e conexións) aínda que non formará parte do proxecto a redactar neste concurso polo que se formulará un presuposto independente ao sinalado para este anteprojecto. Todos os elementos da urbanización e os accesos ao centro serán adecuados á tipoloxía dos usuarios, cumprindo estritamente os parámetros da Base 1 do Código de Accesibilidade.

### **6.3 Mobiliario.-**

Proporase o mobiliario interior e exterior necesario para a correcta utilización da edificación. A súa valoración económica, ao igual que as propostas de urbanización do contorno, será a maiores do presuposto sinalado para este anteprojecto, xa que tampouco formará parte do proxecto a redactar.

## **7. PREMIO E ABONO DE TRABALLOS**

Tal como se indicou no apartado 2 destas Bases, o premio consistirá na adxudicación do contrato descrito cos dereitos e obrigas recollidos no prego de cláusulas administrativas **que será aprobado polo Concello**. Por cada un dos anteprojectos que se presentaran con toda a documentación esixida na segunda fase deste concurso, aos concursantes abonaráselles os traballos para o que emitirán unha factura (**agás o gañador**) por importe de 2.586,21 € (máis un IVE de 413,79 € e importe final de factura de 3.000 €) en concepto de traballos realizados sobre os que, se é o caso, se aplicará a retención de IRPF que corresponda.

## **8. PRESUPOSTOS E PRAZO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO.-**

O importe de **todos os gastos** do proxecto de rehabilitación do conxunto de edificios, a intervención na totalidade da parcela e o acondicionamento dos accesos necesario para o correcto uso e desfrute da edificación e a urbanización da rúa Soto Freire, non superará a cifra de **4.956.896,55 €** incluíndo gastos xerais e beneficio industrial (5.750.000,00 € con IVE incluído). Na fase de

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

anteprojecto reservárase deses 5.750.000,00 € un importe mínimo de 260.000 € (con IVE incluído) por se nos estudos previos á redacción se detectan problemas estruturais importantes que requiran maior dotación económica da que se puidese prever inicialmente. Se polos datos obtidos o equipo redactor valorase que é necesario dispoñer dese importe, deberá xustificalo na redacción do proxecto.

O importe dos honorarios profesionais para a realización de todos os traballos previos necesarios, a redacción do proxecto e do proxecto arqueolóxico, a dirección dos técnicos intervinentes no proceso edificatorio, incluída a coordinación en materia de seguridade e saúde e o seguimento arqueolóxico durante as obras calquera que sexa o seu alcance será como máximo de **215.517,24 €** incluíndo todos os gastos e impostos de calquera tipo agás o IVE (250.000,00 € con IVE incluído), sen que caiba revisión de prezos en ningún caso. Sobre este importe aplicarase, se é o caso, a retención de IRPF que corresponda.

De acordo co establecido no artigo 76 da LCSP, o valor estimado do contrato ascende á cantidade de **225.862,08 euros (262.000 euros, IVE incluído)**.

Establécense os seguintes prazos para a execución dos traballos do equipo redactor adxudicatario:

- **Un mes** (non reducible) para a realización de todos os estudos previos que estime oportuno o equipo redactor para unha correcta realización do proxecto básico e de execución. Nesta fase o equipo redactor elaborará as catas e intervencións no edificio necesarias para a análise pormenorizada de posibles patoloxías na edificación, elaborará o levantamento previo da edificación, estudos xeotécnicos necesarios, análise estrutural, etc. co fin de evitar problemas posteriores na execución do proxecto e a realización de posteriores modificados.

- Ata **dous meses** para a redacción do proxecto a contar a partir do mes de estudos previos.

## 9. PRIMEIRA FASE. SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES

### 9.1. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A. Solicitud de participación segundo o modelo do Anexo I.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref<sup>o</sup>: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

### B. Documentación relativa a capacidade e solvencia dos licitadores.

#### B.1. Documentos acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do concursante, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no correspondente rexistro. No caso de concorrer varias persoas físicas ou xurídicas deberán presentar DNI de cada unha delas ou escrituras de constitución, no seu caso.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ao efecto. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de Contratación do Excmo. Concello de Lugo, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e abonácese a correspondente taxa (9,70 euros aprox), podendo facerse directamente ou a través dun servizo de mensaxería. Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

#### B.2.- A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto deste contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

#### B.3.- Outras declaracións:

- Declaración responsable de cada un dos membros que, se é o caso, constitúen o equipo, na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da Lei de Contratos do Sector Público e de que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes sen perxuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Declaración responsable de cada un dos membros que, se é o caso, constitúen o equipo de que non se atopan en circunstancia que lles impida participar (artigo 49 da Lei de Contratos do Sector Público)

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e o Concello de Lugo, respectivamente segundo se trate de tributos estatais ou municipais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola xefa do negociado de rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que achegar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de



## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref<sup>a</sup>: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

B.4 A xustificación da solvencia técnica deberá acreditarse por medio da documentación sinalada neste apartado.

Carpeta encadernada en disposición vertical, formato A-4, que conterá a seguinte información que **deberá de vir debidamente acreditada con xustificantes orixinais ou mediante copias compulsadas. No caso contrario non será valorada.**

- Breve currículo vitae **asinado** da persoa ou persoas coa titulación requirida en arquitectura superior que actuarán como autora ou autoras do anteprojecto obxecto do concurso e coordinadoras do equipo; e unha relación nominal das restantes persoas que formen parte do equipo técnico que participará na redacción, dirección e coordinación de seguridade e saúde no caso de ser o equipo gañador do concurso, indicando a titulación que ostenta cada unha de elas e a súa responsabilidade no conxunto dos traballos.
- Título habilitante para exercer a profesión de cada un dos profesionais que forman parte do equipo.
- Documentación gráfica de calquera tipo cunha extensión máxima de 4 DIN A-3 por cada proxecto dunha **selección dun máximo de cinco traballos** profesionais de proxectos e/ou direccións de obras redactados/executados ou con participación na súa redacción/dirección, correspondentes aos 10 últimos anos, en edificacións que foran obxecto de rehabilitación e posta en valor

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

que sexan significativas e destacables pola súa calidade arquitectónica e polo tipo de intervención realizada, e que teñan un presuposto de execución material superior a dous millóns de euros (valor 2008). En todo caso as realizacións presentadas deben de ser **obras xa executadas**. Deberá **xustificarse documentalmente a participación (fundamentalmente con contratos e certificado de fin de obra)** e se foron realizados **individualmente ou en colaboración, en cuxo caso deberá indicarse o grao e o carácter da súa participación e o presuposto total da actuación. No caso contrario non serán tidos en conta**. Poderanse engadir aquelas explicacións sobre o proxecto que o concursante considere oportuno, (máximo 4 follas por proxecto en DIN A-3)

- Premios e mencións de arquitectura. Que deberán de vir debidamente acreditados mediante a achega da xustificación correspondente, **no caso contrario non serán tidos en conta**.
- Outros méritos. Que deberán de vir debidamente acreditados, **no caso contrario non serán tidos en conta**.

En todo caso cada unha das follas que integre este documento deberá de estar asinado pola persoa concursante ou a persoa que o represente e redactado en galego ou castelán. **Non se terán en conta documentos noutros idiomas** ou que non veñan acompañados de tradución ao castelán ou galego. O equipo será responsable da veracidade da tradución presentada, no caso contrario incorrerase en falsidade en documento público.

### **9.2. FORMA DE PRESENTACIÓN.-**

A documentación esixida conforme ao apartado 9.1. presentarase nun único sobre ou embalaxe dirixido ao Alcalde do Concello de Lugo debidamente pechado e no exterior figurará a seguinte lenda:

"CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE ANTIGO CARCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO".

**"PRIMEIRA FASE"**

### **9.3. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. -**

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

O lugar de presentación establecerase no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, sito en Rolda da Muralla núm. 197, 27001 Lugo, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, no prazo de CORENTA (40) días naturais contados a partir do día seguinte do envío do anuncio de licitación ao DIARIO OFICIAL DA UNIÓN EUROPEA. De coincidir tal data en día inhábil, finalizará o primeiro día hábil seguinte.

Tamén poderán enviarse por correo certificado dentro do prazo de admisión expresado. Neste caso, xustificarse a data de imposición do envío na Oficina de Correos, poñéndoo en coñecemento do Servizo de Contratación mediante fax (número 982 297 259) ou correo electrónico á dirección [contratacion@concellodelugo.org](mailto:contratacion@concellodelugo.org) no mesmo día.

Transcorridos 10 días naturais seguintes á indicada data sen recibirse os sobres/embalaxes, non serán admitidos en ningún caso.

Quedarán excluídas aquelas propostas que se presenten fóra de prazo.

### **9.4. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES. (PRIMEIRA FASE DO CONCURSO).-**

Co obxecto de seleccionar a un máximo de cinco participantes que serán convidados a presentar as súas propostas, puntuarase:

#### **\_ Experiencia e calidade contrastada (ata 120 puntos)**

Neste apartado **serán valorados os traballos presentados** polos concursantes (un máximo de cinco) en virtude do previsto polo apartado 9.1. As puntuacións que corresponden a este apartado serán proporcionais aos traballos presentados e outorgaranse segundo os seguintes criterios:

1. Grao de participación ou autoría do proxecto, ata un máximo de 20 puntos (ata 4 puntos por traballo presentado).
2. Dirección de obra, ata un máximo de 20 puntos (ata 4 puntos por traballo).
3. Recoñecemento social a nivel autonómico, nacional, ou internacional, a valorar polos artigos de prensa, premios, mencións, etc. que se acheguen; ata un máximo de 20 puntos.
4. Calidade arquitectónica do conxunto de obra presentada, ata un máximo de 60 puntos segundo os seguintes parámetros: criterios de intervención

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

de acordo coa tipoloxía e valor do edificio, funcionalidade e calidade dos espazos creados, técnicas construtivas e materiais empregados, conservación e mantemento da edificación.

### **\_ Premios obtidos e outras distincións obtidas no exercicio profesional relacionados con obras de edificación (ata 30 puntos).**

1. Concursos de proxectos, anteprojectos e ideas nos que se teña obtido distinción e **se acrediten** mediante a achega da xustificación correspondente. (ata 6 puntos)
2. Premios e distincións no exercicio profesional e **se acrediten** mediante a achega da xustificación correspondente. (ata 6 puntos)
3. Experiencia en proxectos e direccións de obra de rehabilitación e **se acrediten** con contratos e certificado final de obra. (ata 6 puntos)
4. Experiencia profesional en proxectos e direccións de obra de edificación en xeral e **se acrediten** con contratos e certificado final de obra. (ata 6 puntos)
5. Significativos recoñecementos nacionais e internacionais non comprendidos nos apartados anteriores e **se acrediten** mediante a achega da xustificación correspondente. (ata 6 puntos)

Para resultar seleccionado nesta primeira fase, o concursante deberá obter, como mínimo unha puntuación total de 50 puntos. En caso de empate seleccionarase ao concursante que obtivese máis puntuación no apartado de "**Experiencia e calidade contrastada**".

### **9.5. VALORACIÓN POLO XURADO DOS CANDIDATOS QUE SOLICITAN A SÚA PARTICIPACIÓN.-**

O Xurado abrirá os sobres/embalaxes presentados polos candidatos e procederá á **comprobación da documentación relativa a capacidade e solvencia económica e posteriormente á valoración dos méritos dos concursantes**, aplicando os criterios establecidos no apartado 9.4.

O Xurado elaborará unha acta que se publicará no Taboleiro de Anuncios e **no perfil do contratante** do Concello de Lugo na que, sen prexuízo doutras mencións que estime oportunas, fará constar o resultado da valoración con expresión da puntuación obtida:

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

- establecendo a relación dos candidatos seleccionados para pasar á segunda fase do concurso e convidando a presentar propostas de anteprojectos a teor do estipulado no punto 10 ou

- declarando deserto o concurso se o número de concursantes que alcanzan a puntuación mínima establecida é menor de tres.

### **10. SEGUNDA FASE. PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO.-**

#### **10.1. SOBRES E DOCUMENTOS A PRESENTAR.-**

A documentación (composta polos sobres 1, 2 e 3) presentarase de maneira que **se preserve estritamente o anonimato** dos autores, descartándose aqueles nos que aparezan símbolos, debuxos, etc. ou calquera outro dato a maiores dos aquí sinalados considerando que farían perder o anonimato.

Os sobres ou embalaxes estarán debidamente pechados e lacrados, figurando no seu exterior, exclusivamente, as seguintes lendas:

**SOBRE nº 1:** "CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE ANTIGO CARCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO".

**“SEGUNDA FASE”**

- "DOCUMENTACIÓN DO ANTEPROXECTO"

- “LEMA”: (5 letras e 3 díxitos)

#### **CONTIDO DO SOBRE Nº 1**

Non poderá figurar en ningún documento escrito nin gráfico referencia que permita identificar os membros do equipo redactor, distinto do LEMA (5 letras e 3 díxitos).

#### **Documentación básica que conterá o anteprojecto.-**

- Memoria xustificativa da solución arquitectónica adoptada así como da rehabilitación que se propón e a descrición xeral do edificio incluíndo a organización funcional e superficies útiles e construídas.
- Análise e características dos usos propostos para cada zona.
- Memoria xustificativa da solución construtiva adoptada, así como da proposta na estrutura e nas instalacións.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

- Estimación do presuposto por capítulos, acompañado dunha memoria valorada da xustificación da optimización dos recursos económicos previstos. Indicarase o presuposto de execución material total (PEM), ao que se sumará o 13% do PEM en concepto de gastos xerais e o 6% do PEM de Beneficio industrial. A suma destes tres importes constitúe a Base imponible que terá un importe máximo no anteproxecto de 4.732.758,62 (e 5.490.000,00 € con IVE incluído).

A: Presuposto de execución material (PEM)	..... €
B: Gastos xerais (13% de A)	..... €
C: Beneficio industrial (6% de A)	..... €
D: Base imponible (A + B + C)	..... €
E: IVE (16% de D)	..... €
F: Importe final (D + E)	..... €

Neste presuposto estará incluída a urbanización da rúa lateral Soto Freire pero non a doutros contornos inmediatos nin o mobiliario, tal como se sinala nos apartados 6.2 e 6.3 destas Bases, as valoracións das cales se farán e presentarán de forma independente, xa que non estarán incluídas no proxecto a redactar.

Achegarase igualmente a superficie construída do edificio en m<sup>2</sup>, especificando a superficie correspondente ao uso hostaleiro, así como a relación de PEM/superficie en €/m<sup>2</sup> da edificación e da urbanización e do uso hostaleiro por separado.

- Prazo de execución das obras.
- Memoria xustificativa de que a solución proposta é acorde ao presuposto. Estudio de viabilidade técnica e económica, memoria de materiais, características e calidades.
- Planos de plantas, alzados e seccións do edificio a escala:
  - Plano de Ordenación Xeral a escala 1:1000
  - Plano de situación a escala 1:250 incluíndo axardinamento e mobiliario.
  - Planos de plantas, alzados e seccións a escala 1:200
  - Perspectiva ou imaxes de conxunto.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

- Seccións construtivas das áreas máis representativas do proxecto, da rehabilitación que se propón, de todos aqueles puntos de interese que serán obxecto de valoración polo Xurado.
- Todos aqueles debuxos (infografías, perspectivas, esquemas, planos etc.) que o concursante considere oportuno presentar para a mellor comprensión do traballo.
- Poderanse presentar maquetas de forma voluntaria.

Será de aplicación o Código Técnico da Edificación aprobado por real decreto 314/2006 do 17 de marzo e a lexislación vixente e de aplicación tanto local, autonómica coma estatal.

A documentación presentarse en galego ou castelán, mecanografado a dobre espazo, coa extensión que os redactores do traballo consideren necesario para poder describir a súa proposta. Non se aceptarán documentos noutro idioma.

### Forma de presentación:

- a) Ata tres (3) paneis en formato A1 vertical, en soporte ríxido, lixeiro, plano e resistente. A escala da documentación gráfica dos paneis será a axeitada para a correcta visualización da proposta procurando axustarse á especificada no apartado anterior.
- b) Un dossier (**5 copias**) en formato **A3** que conteña polo menos:
  - Unha páxina para a reprodución de cada panel presentado.
  - Dúas páxinas en A3 expoñendo como aborda o proxecto as solucións propostas.
  - A memoria xustificativa (formato A3) da solución adoptada, así como de acabados e materiais a empregar; un presuposto de execución material analizado por capítulos e calquera outra documentación que o concursante, para maior comprensión da súa proposta, queira achegar; así como o resto de documentación esixida nestas Bases no apartado de Documentación Básica que conterà o Anteprojecto.
- c) CD ou DVD con toda a documentación anterior dixitalizada en formato PDF e DWG.

**SOBRE Nº 2:" CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE ANTIGO CARCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO".  
"SEGUNDA FASE"**

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

### “PROPOSTA DE HONORARIOS E PRAZO DE EXECUCIÓN”

#### **CONTIDO DO SOBRE Nº 2**

Non poderá figurar en ningún documento escrito nin gráfico referencia que permita identificar os membros do equipo redactor, distinto do LEMA (5 letras e 3 díxitos). Conterá a proposta global de todos os honorarios profesionais por un importe máximo de 215.517,24 € (250.000,00 € con IVE incluído), e o prazo para a redacción do proxecto (máximo de dous meses e medio).

**SOBRE Nº 3:** "CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE ANTIGO CARCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO".

**“SEGUNDA FASE”**

"IDENTIFICACIÓN"

“LEMA”: (igual que o do sobre nº 1)

#### **CONTIDO DO SOBRE Nº 3**

A información deste sobre servirá para a identificación da identidade dos concursantes con cada LEMA e conterá a seguinte documentación:

- Nome do/da arquitecto/a coordinador/a do grupo, conforme á documentación xa presentada na primeira fase do concurso.
- En caso de que o equipo de profesionais se presente como un grupo de persoas físicas e/ou xurídicas: distribución das porcentaxes de honorarios que corresponden a cada unha das persoas (físicas ou xurídicas) en cada unha das dúas fases, tendo en conta que se valorará nun 55% da proposta a fase de redacción e nun 45% a fase de dirección de obra e coordinación (Modelo do Anexo II).

#### **10.2. FORMA DE PRESENTACIÓN DOS TRES SOBRES**

Os sobres coa documentación de participación entregaranse dentro dunha única caixa ou embalaxe debidamente pechada e lacrada dirixida ao Alcalde do Concello de Lugo e no seu exterior figurará a seguinte lenda:

"CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE ANTIGO CARCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO".

**“SEGUNDA FASE”**



## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

“LEMA” (o mesmo que o dos sobres 1, 2 e 3 contidos no mesmo)

### **10.3 LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.-**

O lugar de presentación será **unicamente** o Rexistro Xeral do Concello de Lugo, sito en Rolda da Muralla núm. 197, 27001 Lugo, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, en orde a garantir o anonimato dos concursantes e considerando o deber xeral de identificar aos asinantes dos escritos presentados en rexistros públicos.

No caso de entregar a documentación utilizando un servizo de mensaxería, será imprescindible aclarar cos responsables da entrega no Rexistro que non debe figurar nesos sobres ou paquetes ningún selo ou ficha adhesiva do servizo co nome do remitente, identificación de lugar de orixe ou calquera outro dato que permita obter a súa posible identidade.

O depósito no Rexistro Xeral do Concello de Lugo realizarase consignando o LEMA, sen necesidade de ningún outro dato. O encargado do Rexistro certificará o día e hora da recepción.

Quedarán excluídas aquelas propostas que se presenten fóra de prazo ou vulneren o requisito do anonimato.

O prazo de presentación dos anteprojectos é de **corenta e cinco (45) días** naturais, a contar dende o día seguinte o de publicación da Acta do Xurado coa relación dos concursantes convidados a participar nesta segunda fase do concurso no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo. Esta información colgarase igualmente na web municipal ([www.lugo.es](http://www.lugo.es)). Consecuentemente, están incluídos no referido prazo de presentación de solicitudes os catorce (14) días naturais previstos no apartado de "período de consultas".

O prazo concluirá ás 14:00 horas do último día do devandito prazo. De coincidir en sábado, domingo ou festivo, rematará ás 14:00 horas do primeiro día hábil seguinte.

### **10.4. DOCUMENTACIÓN QUE SE PROPORCIONARÁ AOS CONCURSANTES CONVIDADOS.-**

Os convidados a participar na segunda fase do concurso, poderán obter dentro do prazo de presentación de propostas, a documentación que se detalla a

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

continuación nas dependencias do Servizo de Contratación do Concello de Lugo ou por medio de correo electrónico:

- Documentación fotográfica
- Planos do conxunto da edificación en formato dwg ou dxf (planos que ante a cantidade de modificacións sufridas nos últimos anos o edificio non se pode garantir que o levantamento sexa exacto)

### **10.5. PERÍODO DE CONSULTAS.-**

Os concursantes convidados disporán dun prazo de sete (7) días naturais, contados dende o seguinte á data de inicio do prazo de presentación de anteprojectos sinalado no apartado 10.3., para que formulen unicamente por correo electrónico á dirección [contratacion@concellodelugo.org](mailto:contratacion@concellodelugo.org), as consultas ou aclaracións de carácter técnico que estimen procedentes con relación á documentación de características técnicas proporcionada.

Nun prazo de sete (7) días naturais, contados dende o seguinte de finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, enviaranse as respostas a todos os concursantes que toman parte nesta segunda fase, independentemente de que formulasen ou non consultas. As respostas faranse de forma global a todas as consultas formuladas, e se resultase necesario, acompañarase da documentación complementaria que sexa conveniente, ben á dirección de correo electrónico que sinalaron na súa solicitude ou aos lugares indicados por aqueles para os efectos de notificacións. Ademais, as respostas deberán ser obxecto de exposición no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo e na web municipal.

### **10.6. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS PROPOSTAS (SEGUNDA FASE DE CONCURSO).-**

O Xurado valorará as propostas recibidas en función dos seguintes criterios:

**1º - Pola calidade construtiva e arquitectónica da edificación proposta.** (ata 80 puntos)

A proposta deberá contemplar solucións flexibles de adaptabilidade ás distintas actividades do edificio e a posibilidade de cambios de usos nas diferentes salas, de acordo coas bases técnicas, tendo en conta o carácter representativo que se pretende dunha rehabilitación que será promovida

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

pola Administración nun edificio existente cun gran interese tipolóxico e histórico.

### - Valorarase:

- A calidade arquitectónica, artística e calidade do deseño da proposta de rehabilitación, tipo de intervención en materia de rehabilitación respecto á edificación existente, así como o seu carácter representativo: ata 30 puntos
- A súa capacidade de adaptación a diferentes usos, pola funcionalidade e racionalidade da proposta en función dos usos que se formulan: ata 30 puntos
- A definición das circulacións interiores e exteriores, pola facilidade de independización e articulación dos diferentes usos e espazos: ata 20 puntos

2º Pola calidade dos espazos exteriores: definición dos espazos exteriores da parcela, tratamento das zonas de carga e descarga, zonas libres, axardinamento, urbanización, mobiliario urbano (ata 30 puntos)

### - Valorarase:

- Intervención sobre a zona exterior dentro da parcela, os accesos e a rúa Soto Freire: ata 15 puntos.
- Intervención sobre os contornos inmediatos (Praza da Constitución, Avenida Angel López Pérez): ata 15 puntos

3º Pola incorporación de novas tecnoloxías que facilite a execución do edificio e melloren a súa calidade técnica. (ata 20 puntos)

### - Valorarase:

- A incorporación de novas tecnoloxías que supoñan un maior rendemento no emprego de materiais, tempos de execución e **custo de construción e o seu axuste real ao presuposto de proxecto de modo que permita a súa materialización pola cantidade consignada**: ata 10 puntos
- Solucións en función do seu grao de sostibilidade na busca dun maior aforro enerxético así como o carácter sostible da solución proposta, a recuperación dos materiais existentes e a súa viabilidade de sostibilidade e mantemento futuro da propia edificación: ata 10 puntos

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

**4º - Pola valoración de honorarios e prazo de presentación de proxecto básico e de execución así como idoneidade dos medios (ata 20 puntos)**

**- Valorarase:**

- Proposta de honorarios do equipo redactor do proxecto. Obterá 10 puntos a proposición que oferte o prezo máis baixo. Obterán 0 puntos as proposicións que oferten o prezo de licitación e o resto das proposicións valoraranse de forma proporcional lineal. (ata 10 puntos)
- Prazo de presentación de proxecto básico e de execución unha vez resolto o concurso. Obterá neste apartado 10 puntos a proposición que oferte o menor prazo de elaboración e entrega ao Concello do proxecto técnico. Obterán 0 puntos as proposicións que oferten o prazo máximo indicado (que se estima en 2 meses) e o resto das proposicións valoraranse de forma proporcional. (ata 10 puntos)

### **10.7. VALORACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONCURSO POLO XURADO.-**

O Xurado procederá á apertura do sobre número 1 e valorará as propostas recibidas. Unha vez realizada a valoración da documentación do sobre 1, procederase á apertura do sobre 2 e a valoración da proposta de honorarios e prazo de execución, recollendo finalmente o fallo razoado e motivado en función das puntuacións outorgadas aos anteprojectos nunha Acta asinada por todos os integrantes. En acto público, dará lectura ao LEMA do gañador do concurso, e desvelará a súa identidade mediante a apertura do sobre nº 3. En todo caso, cunha antelación mínima de cinco (5) días naturais, exporase no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo e na web municipal, o lugar, data e hora na que terá lugar o acto público. A Acta final coa proclamación do gañador será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo e na web municipal. Atendendo á calidade dos traballos, poderá declarar deserto o concurso.

### **11. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA REDACCIÓN DO PROXECTO, PROXECTO ARQUEOLÓXICO, DIRECCIÓN, COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE E SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO DAS OBRAS.-**

En virtude do artigo 158 d) da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, invitarase ao equipo gañador ao procedemento negociado para o contrato de servizos consistente nos traballos previos (estudio xeotécnico, levantamento previo das edificacións, estudio de patoloxías, etc) a redacción do proxecto

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref<sup>a</sup>: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

básico e de execución da rehabilitación (incluíndo todos os proxectos específicos necesarios) do edificio do antigo cárcere do partido xudicial de Lugo, o proxecto arqueolóxico así como a dirección de obras de todos os técnicos intervinentes e a coordinación de seguridade e saúde e o seguimento arqueolóxico. No caso en que este retirase a súa proposta, o órgano de contratación dispón das seguintes facultades:

1. Invitar ao procedemento negociado ao concursante que obtivese a segunda mellor puntuación e, no seu caso, a terceira.
2. Por ser a administración, en virtude do establecido polo apartado 12 destas Bases, propietaria do anteprojecto e de canta documentación presentou o gañador, poderá licitar a redacción do proxecto básico e de execución, tomando como base o anteprojecto declarado gañador do concurso, e a ulterior dirección das obras.

**A administración**, de executarse en parte ou na súa totalidade o proxecto obxecto do vixente concurso, **poderá solicitar cambios na proposta gañadora, co obxecto de optimizar o resultado nos aspectos que considere pertinentes**. Estas modificacións serán de obrigado cumprimento por parte do equipo adjudicatario, tamén as que xurdan durante a redacción do proxecto para adaptar o inmovible ás necesidades da entidade convocante.

### **12.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS E DEREITOS DAS PARTES.-**

O Concello de Lugo poderá utilizar as ideas de todas as propostas presentadas na segunda fase do concurso, instando ao/aos redactor/es do proxecto a consideración dos aspectos que o Concello considere oportunos. Os autores que accedan á segunda fase conservarán a propiedade intelectual dos traballos presentados, pero necesariamente cederán os dereitos de explotación, incluídas a súa reprodución, distribución e comunicación pública ao Concello de Lugo, segundo o disposto na lexislación da Propiedade Intelectual. Os concursantes comprométense a non divulgar as súas propostas antes da resolución do xurado.

A documentación correspondente ao traballo gañador, pasará a ser propiedade do Concello de Lugo. Os seus autores comprométense a facer referencia ao órgano convocante do concurso, en calquera publicación posterior na que apareza a súa proposta.

O Concello de Lugo, tras dar a coñecer o gañador do concurso, poderá organizar unha exposición e publicar os traballos presentados, sen autorización previa dos autores.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

### **13. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR CO PROXECTO.-**

Presentaranse 4 copias en papel do proxecto, 7 copias do proxecto arqueolóxico, e un CD con toda a documentación en formato PDF e DWG. O proxecto presentarase para a súa posible execución en dúas fases (segundo o indicado no último parágrafo do punto 1 destas Bases) e comprenderá a documentación gráfica e escrita que se detalla a continuación::

**.-Memoria descriptiva** adaptada ao vixente Código Técnico da Edificación na que se xustifique o cumprimento de toda a normativa de aplicación; memoria da solución adoptada nos aspectos técnico, funcional e económico e das características de todas as unidades de obra proxectadas. Indicarase nela os antecedentes e situacións previas das obras, métodos de cálculo e ensaios efectuados, cuxos detalles e desenvolvemento incluíranse en anexos separados. Tamén figurarán noutros anexos: o estudo dos materiais a empregar e os ensaios realizados con estes, a xustificación do cálculo dos prezos adoptados, as bases fixadas para a valoración das unidades de obra e das partidas alzadas propostas.

**.-Memoria urbanística** na que se xustifique o cumprimento de normativa vixente.

**.-Xustificación de normativa** vixente, estatal, autonómica e municipal. Incluída a xustificación do Decreto 42/2009 que regula a Certificación enerxética de edificios de nova construción na CCAA de Galicia (DOG 5 de marzo de 2009)

**.-Planos** de conxunto e de detalle necesarios para que **a obra quede perfectamente definida** na súa localización coa descrición e concreción abonda para que poidan deducirse deles as medicións que sirvan de base ás valoracións pertinentes e á exacta realización da obra. E como mínimo:

Plano de Ordenación Xeral a escala 1:1000, sobre planeamento xeral.

Plano de situación a escala 1:250 incluíndo axardinamento e mobiliario.

Planos de plantas, alzados e seccións a escala 1:50

Seccións construtivas.

Perspectiva ou imaxes de conxunto.

Todos aqueles debuxos (infografías, perspectivas, esquemas, planos etc.) que se considere oportuno presentar para a mellor comprensión do proxecto.

**.- Prego de prescricións técnicas** particulares onde se fará a descrición de obras e se regulará á súa execución.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

**.-Medicións e Presuposto** con expresión dos prezos unitarios e descompostos, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración, debendo especificarse a contía do presuposto de execución material así como a do presuposto base de licitación (incluíndo Gastos Xerais, Beneficio Industrial) ao que se engadirá o IVE conforme ao especificado no apartado 10.1.

**.- Programa de traballo** que conterà o previsible financiamento da obra durante o período de execución e os prazos nos que deberán ser executadas as distintas partes fundamentais en que poida descompoñerse a obra, determinándose os importes que corresponderá aboar durante cada un deles.

**.-Estudio de seguridade e saúde** redactado segundo o R.D. 604/2006, do 19 de maio, polo que se modifican o R.D. 39/1997, do 17 de xaneiro polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención, e o R.D. 1627/1997, do 24 de outubro polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

**.-Estudio xeotécnico do soar**

**.-Levantamento topográfico da parcela**

**.- Todos os demais estudos previos realizados**

**.-Proxecto arqueolóxico**

**.- Os proxectos específicos necesarios para dar de alta a edificación e a súa posta en funcionamento**

**.- Acta de replanteo Previo**

**.- Declaración de obra Completa**

**.- Informes e Memoria técnica arqueolóxica que corresponda.**

**.- Calquera outra documentación esixida na Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público e o Real Decreto 1098/2001 Regulamento da Lei de Contratos das administracións públicas.**

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/mla

Ref<sup>a</sup>: Proposta\_bases\_concurso\_proxectos\_antiga\_carcere.doc

Asunto: Bases concurso proxectos rehabilitación antigo cárcere

**Terceiro.-** Aprobar o gasto de 262.000 euros con cargo á partida 3220.62709 do vixente Orzamento xeral.

**Cuarto.-** Publicar o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, Boletín Oficial do Estado e Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Lugo, 14 de maio de 2009

A TÉCNICO DO SERVIZO  
DE CONTRATACIÓN

O XEFE DO SERVIZO  
DE CONTRATACIÓN

Asdo: Ana Tabarés Martínez

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

A CONCELLEIRA DELEGADA DA  
ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

Asdo: Sonia Méndez García